



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Emenda de erro na publicación do texto articulado da ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña.

ANUNCIO

No BOP núm. 114, do 16 de xuño, publicouse a aprobación definitiva da ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña.

Detéctase un erro de transcripción no seu artigo 109 consistente na omisión da letra f). En consecuencia, a redacción correcta do dito precepto é a seguinte:

“Artigo 109: Da innovación e da simplificación no ámbito procedemental

1.O Concello reducirá as cargas á cidadanía eliminando como necesarios para a iniciación dos seus procedementos administrativos os seguintes documentos salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario:

- a) A copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.
- b) Calquera certificado ou documento acreditativo do cumprimento duns requisitos que deba ser emitido pola propia entidade local.
- c) Calquera documento que fose previamente elaborado e/ou emitido por calquera outra administración pública, cuxa obtención estea dispoñible a través das plataformas de intermediación de datos, tanto da Administración xeral do Estado como da Xunta de Galicia.
- d) Calquera dato ou documento que non sexa esixido pola normativa reguladora aplicable.
- e) Datos ou documentos que fosen achegados anteriormente pola persoa interesada a calquera administración pública, sempre que esta os poña a disposición a través de plataformas de intermediación e a persoa interesada indique en que momento e ante que órgano administrativo presentou eses datos ou documentos. Neste suposto, presúmese a autorización para a consulta, agás que conste a súa oposición expresa á reutilización ou unha lei especial esixa o seu consentimento expreso.
- f) Calquera documento ou copia que achegue unha información necesaria que poida ser incorporada como datos ou metadatos á solicitude do interesado.”

O que se fai público para xeral coñecemento e para os efectos de rectificación do devandito erro.

A Coruña, 16 de xuño de 2023

Manuel Ángel Jove Losada

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

2023/4882